



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Setembro 2022


Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en setembro de 2022 un avance do 0,3% con respecto a setembro de 2021; no conxunto de España o incremento foi do 3,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 7,2%, os bens de equipo un 2,4% mentres que os bens intermedios retrocederon un 10,5%. Pola súa parte a enerxía medrou un 3,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á "confección de roupa de vestir" que suma 3,6 puntos, a "fabricación de maquinaria", que engade 0,5 puntos e a "fabricación de vehículos de motor" que achega 0,4 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas (-5,7 puntos) de once ramas, as principais foron: a "metalurxia" que resta 1,8 puntos, a "industria do papel" que detrae 1,3 puntos e a "industria da alimentación" que resta 0,9 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de setembro de 2022 registrou en Galicia un aumento do 0,3% en taxa interanual, empeorando en 1,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (1,7%). En España rexistrouse un avance do 3,3%, taxa 2,3 puntos inferior á do mes anterior (5,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 7,2%, o que suma 2,3 puntos.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 2,4%, o que suma 0,6 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 10,5%, cunha repercusión negativa do 3,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 3,2% achegando 0,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2022, por destino económico, os bens de consumo melloran 3,6 puntos, os bens de equipo empeoran 16,7 puntos, os bens intermedios melloran 3,3 puntos e a enerxía empeora 1,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de agosto foron: a "confección de roupa de vestir" que suma 3,6 puntos, a "fabricación de maquinaria", que engade 0,5 puntos e a "fabricación de vehículos de motor" que achega 0,4 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a "metalurxia" que resta 1,8 puntos, a "industria do papel" que detrae 1,3 puntos e a "industria da alimentación" que resta 0,9 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de agosto moveuse entre o -6,4% de Asturias e Cantabria e o 17,2% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Aragón (12,3%), Madrid (10,3%), Andalucía (6,9%) e País Vasco (6,5%).

IPI Setembro 2022
Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,6	0,3	-1,3	--	--
Bens de consumo	159,1	7,2	8,8	2,3	2,5
Bens de equipo	108,6	2,4	1,8	0,6	0,4
Bens intermedios	112,2	-10,5	-4,1	-3,0	-1,2
Enerxía	61,1	3,2	-14,9	0,5	-3,0
España					
Xeral	110,5	3,3	3,5	--	--
Bens de consumo	113,0	1,1	4,8	0,3	1,2
Bens de equipo	117,1	11,5	5,1	2,5	1,1
Bens intermedios	109,8	-3,7	-1,0	-1,2	-0,3
Enerxía	101,8	8,6	7,0	1,6	1,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2022

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	0,3		-1,3		
Confección de roupa de vestir	42,1	3,6	39,7	2,3	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	18,8	0,5	14,0	0,3	2,0
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	3,0	0,4	-4,2	-0,5	13,1
Outras industrias extractivas	19,1	0,3	-3,7	-0,1	1,1
Industria química	13,6	0,2	15,3	0,2	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,2	0,2	11,6	0,3	2,6
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,5	0,1	-23,1	-3,7	22,3
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	5,2	0,1	-4,6	-0,1	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,8	0,1	4,1	0,1	4,1
Fabricación de bebidas	1,4	0,1	10,7	0,4	3,5
Outras industrias manufactureiras	2,5	0,0	10,9	0,1	0,5
Industria téxtil	-3,1	0,0	-3,4	0,0	0,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-1,5	0,0	-26,5	-0,4	1,4
Fabricación de mobles	-4,7	-0,1	21,7	0,4	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-10,5	-0,1	-15,6	-0,2	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-3,3	-0,3	3,5	0,3	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-10,6	-0,6	14,3	0,7	3,6
Industria da alimentación	-5,8	-0,9	-2,2	-0,4	13,2
Industria do papel	-59,4	-1,3	-17,9	-0,4	2,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-36,0	-1,8	-23,8	-1,2	5,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	110,5	3,3	3,5
Galicia	108,6	0,3	-1,3
Andalucía	105,9	6,9	6,5
Aragón	111,6	12,3	7,6
Asturias	100,8	-6,4	2,3
Baleares (Illes)	104,7	17,2	19,4
Canarias	96,2	2,2	4,6
Cantabria	110,8	-6,4	-2,2
Castilla - La Mancha	110,6	2,8	5,9
Castilla y León	93,4	-0,4	-3,1
Cataluña	106,2	0,6	1,1
Comunitat Valenciana	117,7	2,0	3,4
Extremadura	118,3	-6,2	2,0
Madrid	121,5	10,3	6,4
Murcia	121,5	-0,8	5,5
Navarra	124,1	0,0	3,5
País Vasco	113,2	6,5	5,9
Rioja (La)	92,6	2,8	3,4

Fonte: INE